

# Banda *Municipal*

# Ribadeo

# 25

CONCERTO CONMEMORATIVO  
DO XXV ANIVERSÁRIO  
DA FUNDACION DA  
AGRUPACION CULTURAL  
«FRANCISCO LANZA»

1971 - 1996

1996

XOVES 22 DE AGOSTO  
11 DA NOITE  
PRAZA DE ABAIXO  
RIBADEO

ASOCIACIÓN  
«AMADORES DA MÚSICA»

AGRUPACION CULTURAL  
FRANCISCO  LANZA

# P R O G R A M A

---

## I

---

- Sinfonia do Novo Mundo** .....A. Dvorak  
(Arr. do IV mov. e cita do II)
- Tannhäuser (Coro de Peregrinos)** .....R. Wagner
- Finlândia** .....J. Sibelius
- Xúpiter (da Suite Os Planetas)** .....G. Holst

## II

---

- Lonxe do mar (Habanera)** .....Hernán Naval
- Robin Hood (I do It for you)** .....Bryan Adams
- Pavana in blue** .....Ted Huggens
- Sete rosas (Paso-dobre galego)** .....A. del Rio

---

HERNAN NAVAL

Director

**E**ste concerto inscrite-se dentro dos actos comemorativos do vintecinco aniversario da fundación da **Agrupación Cultural Francisco Lanza**. Lonxe estábamos en 1971 de pensar nunha tan dilatada xeira de vida cultural; eran os anos nos que a supervivencia dia a dia, e mes a mes, constituían un valor de seu. Era un tempo precario onde tanto a nosa Agrupación Cultural, coma outras moitas de Galiza, foron alén da súa específica función cultural para xogar un papel cívico: que as nosas xentes soberan que o país existia pésie ao abafante corsé ditatorial. Viñeron logo longos anos de traballo e de iniciativas de todo tipo, desde as especificamente culturais como a Feira do Libro galego, os ciclos de conferencias, as publicacións, o Grupo de Teatro, os «Cadernos Ribadenses» e «O Pipelo», ou a Escola de Verán, até aquelas outras actividades que foi preciso iniciar e das que en canto se deron as circunstancias propicias pasamos o facho: a Semana Náutica coa Travesía da Ria e a Zalea, o Paseo en Bicicleta, etc.

**A**grupación Cultural Francisco Lanza celebra musicalmente as suas bodas de prata coa cultura ribadense da man dunha asociación irmán, «Amadores da Música», a entidade que en Xaneiro de 1992 deu a luz o xermolo da grande **Banda Municipal** actual (cuarenta mozos condo se apresntou, setenta hoxe). Para a efeméride, o colectivo que dirixe o profesor **Hernán Naval** seleccionou un programa moi representativo do que ven sendo, desde o 92, un seu singular estilo de traballo: música clásica sinfónica, na primeira parte, para mostrarnos máis unha vez, na segunda, a súa versatilidade e modernidade. Sinalar a interpretación que fará do poema sinfónico **Finlândia**, do compositor da escola nacionalista **Jean Sibelius**. E escoitaranse guitarras eléctricas e pianos, xunto aos instrumentos tradicionais de vento e percusión, nas pezas de **Bryan Adams** e de **Ted Huggens**.

**A** **Banda Municipal de Ribadeo** cerra o concerto cun paso-dobre galego que se titula **Sete rosas**; que sexan as que receba, alomenos, a **Agrupación Cultural Francisco Lanza** ao cumprir os seus primeiros vintecinco anos de andaina no espallamento da nosa cultura.